

12. O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as revoltas de Cataluña e Portugal).

O conde-duque de Olivares foi valido de **Felipe IV** de Habsburgo (1621-1665) (isto é, a figura na que o monarca delegou todos os asuntos de importancia para a Coroa (a figura do valido comeza con Felipe III co duque de Lerma principalmente), algo similar o que fixo o rei de Francia, Luis XIII, apoiándose no Cardenal Richelieu. O cadro de Velázquez, que representa ó Conde-Duque a cabalo empuñando o bastón de mando, símbolo de maxestade, representa á perfección o poder que acadou esta figura.

Olivares focalizou a súa labor en torno a tres obxectivos: mellorar a economía da Monarquía, recuperar o prestixio interno e internacional da Monarquía Hispánica e uniformizar política e administrativamente uns reinos peninsulares que gozaban de amplas competencias e dereitos que foran respectados dende a Idade Media (os privilexios forais).

Con estes fins, redactou o *Gran Memorial*, onde lle mostraba ó Rei os males que aqueixaban a unha Monarquía hispánica en crise, e propoñía solucións para acadar os obxectivos anteriormente sinalados: **debilitar o poder político e social de nobreza e Igrexa, incentivar a produción propia levando a cabo unha política mercantilista** (intervencionista e proteccionista) co fin de activar un comercio interior e internacional, **impoñer progresivamente a lei castelá** nos diferentes territorios peninsulares e repartir equitativamente o recrutamento de tropas e a recadación de tributos para facer fronte ás continuas campañas bélicas europeas no contexto da **Guerra dos 30 anos (1618-1648)**; Olivares argumentaba que a aportación de homes e tributos debería ser proporcional á cantidade de poboación e á riqueza dos diferentes reinos (ata ese momento a Coroa de Castela sostíña todo o peso fiscal e militar). Iste proxecto foi coñecido coma a **Unión de Armas**.

As dúas últimas medidas sinaladas xeraron o rexeitamento dos territorios non castelás, o que tivo como consecuencia o estoupido da **rebelión catalana** e a **independencia de Portugal en 1640**, auspiciada por Francia e Inglaterra (lembramos que o país luso pertencía á Coroa hispánica dende 1580). No caso catalán, a rebelión xerminou debido á obriga que tiña o principado de dar aloxamento ós soldados españois, en plena guerra con Francia no Rosellón; de feito, Cataluña chega a formar parte da Coroa francesa. A Guerra dos trinta anos e os seus enormes gastos foron moi perxudiciais para a Monarquía agrandando os problemas da facenda real (bancarrotas en 1627) e marcaron o ocaso da hexemonía hispana en Europa coa **Paz de Westfalia** en 1648. Cabe sinalar un intento da nobreza andaluza para rebelarse con Olivares por parte de Medina Sidonia.

O valido, personalización de todos estes males, perde a confianza do rei e afastado do poder en 1643. Pódese pensar que as medidas impostas polo Conde-duque non fructificaron, aínda que no século seguinte, os primeiros Borbóns recuperarían en parte a senda reformista e uniformizadora de Olivares.